

## **Modificacións da P. D. da materia de NOVAS TECNOLOXÍAS**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de NOVAS TECNOLOXÍAS para o curso 2019-20:

### I. CURSO 3º DE GRAO PROFESIONAL

#### ○ MODIFICACIÓN NO CURRÍCULO

Os seguintes obxectivos e contidos non son trasladables ao curso 2020-21:

#### ▪ CONTIDOS

Audio Dixital. Creación de proxectos con video e audio dixital.

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación (trasladados da programación didáctica) van a ser os seguintes:

- Realizar exercicios e traballos de transcripción no editor de partituras musescore.

- Realizar exercicios e traballos de edición e gravación a nivel básico cun editor de audio (Audacity).
  - Identificar as partes xerais do interior dun ordenador.
  - Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador.
  - Describir o funcionamento dos principais aparatos que integran un estudo musical profesional.
- 
- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN
    - A avaliación será continua e reflectirá o resultado da realización de exercicios e/ou traballos referidos aos contidos tratados no curso, a participación e actitude nas clases ata a finalización do segundo trimestre. A nota do alumnado na materia de fundamentos de composición será igual á media acadada entre o primeiro e segundo trimestre non minorándose en ningún caso.
    - No caso de que a proba obxectiva da segunda avaliación non fora realizada debido á suspensión da actividade lectiva presencial, deberase realizar dita proba. No caso en que esta proba non poida ser realizada debido á falta de conectividade co alumno/a teranse en conta unicamente os datos da avaliación continua para obter a nota de esta segunda avaliación.
  
  - MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
    - A cualificación final será a media dos doua primeiros trimestres.
    - Esta cualificación poderá incrementarse nun máximo de **dous (2) puntos** en función da avaliación das actividades realizadas polo alumnado ao longo do terceiro trimestre de acordo cos obxectivos e contidos publicados nesta adenda.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

- Como está indicado na programación o alumnado nesta situación realizará unha proba obxectiva.
  - Dita proba estará adaptada para ser realizada de xeito telemático. Os contidos serán os referidos á primeira e segunda avaliación, que poden ser consultados na programación da materia publicada na páxina web do Centro <https://www.conservatoriosantiago.gal/>
- 
- PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DA PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN
  - O alumnado que non teña superada a primeira e/ou a segunda avaliación terá que realizar unha proba telemática e as actividades determinadas polo profesor.
  - A súa avaliación e cualificación será a mesma que estaba determinada con anterioridade na programación. 50% proba obxectiva, 50% actividades realizadas.